



EXPEDIENTE 2026/E001/000007. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

11.05.2026. Por Decreto da Alcaldía n.º 164/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

15.05.2026. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 90)

25.06.2026. Finalización prazo presentación de solicitudes.

Solicitudes de participación:

Apelidos e nome	DNI
Dieste Otero Francisco	***9568**
Iglesias Noya Francisco	***0371**
Martínez Cajide Pablo	***5854**
Tojo Lea Manuel	***8087**
Pampín Iglesias David	***2854**

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 164/2026, polo que se aprobaron as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.



RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo mediante oposición de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025, como persoal laboral temporal.

PERSOAS ADMITIDAS

Apelidos e nome	DNI
Dieste Otero Francisco	***9568**
Iglesias Noya Francisco	***0371**
Martínez Cajide Pablo	***5854**
Tojo Lea Manuel	***8087**

PERSOAS EXCLUÍDAS

Apelidos e nome	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
Pampín Iglesias David	***2854**	Presentación fóra de prazo

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Juan Manuel Corral Sánchez, xefe obras e servizos do Concello de Boqueixón.
- Secretario: Manuel Rodríguez Quintáns, auxiliar administrativo do Concello de O Pino.
- Vogal 1º: Juan Ramón López Tojo, conductor camión do lixo Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella, traballadora social do Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión de constitución do Tribunal para o xoves 4 de xuño ás 9.10 horas na Casa do Concello de Touro.

CUARTO. Fixar a data para a realización da fase de oposición do Tribunal para o xoves 4 de xuño de 2026 ás 10.30 horas na "Nave de Servicios Municipales" situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

QUINTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

SEXTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor